

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 19 de novembro de 2004**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D. José Manuel Couto Pérez  
D. Carlos Comesaña Abalde

**NON ASISTEN:**

D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezanove de novembro de dous mil catro e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Está presente, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1.- ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO DA RÚA URZÁIZ. EXPTE. 948/400.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes favorables da inspectora do Laboratorio do 5.11.04, da arquitecta municipal da oficina técnica de licenzas, do 9.11.04, do enxeñeiro industrial da oficina técnica de licenzas, do 9.11.04, e a proposta do director dos Servicos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 9.11.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar nos seus termos a acta de recepción das obras de construción do aparcamento subterráneo da rúa Urzáiz desta cidade, executadas pola Eloyamar y Tranvías Eléctricos de Vigo, U.T.E., asinada o día 10.11.04.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e dez minutos.  
Como secretaria dou fé.

me.